XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL	

XUSTIFICACION FUNCIONAL DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL CUXAS FUNCIÓNS OU ACTIVIDADE IMPLICAN UN CONTACTO HABITUAL CON MENORES DE IDADE

O artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia recolle o requisito para o acceso a profesións, oficios e actividades que impliquen un contacto habitual con persoas menores de idade e, do mesmo xeito, fixa os criterios para determinar aquelas profesións, oficios e actividades que implican un contacto habitual con persoas menores de idade.

Coa identificación daqueles postos cuxa actividade ou funcións impliquen un contacto habitual con menores preténdese establecer un réxime preventivo e protector relativo á loita contra os abusos sexuais e á explotación sexual con menores, sendo preciso acreditar para o seu desempeño unha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

En consecuencia, e de conformidade co referido precepto normativo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional achega, xunto co presente escrito, a listaxe de 4.327 postos de traballo que, froito da consideración da súa valoración funcional e os destinatarios principais da súa actividade, son considerados postos de traballo nos que a súa actividade implica un contacto habitual con persoas menores de idade xa que cumpre, cando menos, cunha das seguintes características:

- Que o posto de traballo, pola súa propia natureza ou esencia, dispón dun contacto habitual con menores.

- Que o posto de traballo ten como destinatario principal da súa actividade a persoas menores de idade.

En todo caso, a listaxe de postos de traballo que se achega correspóndense cos postos existentes na vixente relación de postos de traballo sendo preciso incorporar aqueles outros postos que, cumprindo as características sinaladas con anterioridade, puidesen ser creados ou incorporados, con posterioridade, á devandita RPT.

Esta xustificación non implica ningún tipo de alteración nin variación do contido funcional que exceda das funcións propias asignadas aos respectivos corpos, escalas e/ou categorías das persoas afectadas.

Asinado dixitalmente,

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
Complexo Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Asinado por: VILA LOPEZ, MANUEL
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 15/10/2025 12:29:49

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: FCCLOIFYJgR7 https://sede.xunta.gal/cve